

# Plan de Convivencia

**ESAD, Escola Superior de Arte Dramática de Galicia**



Aprobado no Consello Escolar do 6 de xuño de 2023.

## INDICE

1. Análise da situación.....	3
1.1. Xustificación.....	3
1.2. Fins e principios.....	3
1.3. Valoración da situación actual.....	4
2. Obxectivos xerais e obxectivos específicos derivados da análise da situación actual.....	5
2.1. Obxectivos xerais.....	5
2.2. Obxectivos específicos.....	6
3. Directrices básicas de Convivencia: O modelo de convivencia.....	7
3.1. Axentes responsables da Convivencia na ESAD de Galicia.....	7
3.2. A Comisión de Convivencia.....	8
4. Actuacións do Plan de Convivencia: Medidas e estratexias de actuación.....	10
4.1. Código de boas prácticas da ESAD de Galicia.....	10
5. Condutas contrarias ás normas de convivencia e medidas a tomar en cada caso.....	11
5.1. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.....	11
5.2. Condutas leves contrarias á convivencia.....	12
5.3. Solicitude de revisión e execución de medidas.....	14
5.4. Procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais.....	14
6. Intervención diante do acoso.....	19
6.1. Acoso.....	19
6.2. Comunicación do acoso escolar.....	19
6.3. Procedemento diante das situación de acoso.....	20
7. A violencia de xénero no ámbito académico.....	20
7.1. Procedementos de actuación.....	20
8. Plan igualdade.....	21
9. Anexos.....	21
ANEXO I: Plan de Benestar Emocional do centro .....	22
ANEXO II: Código de Boas Prácticas para a Convivencia na ESAD de Galicia .....	26
ANEXO III: Diversidade, Igualdade e Inclusión .....	32
ANEXO IV: Protocolo para o tratamento do acoso sexual e a violencia de xénero .....	34
ANEXO V: Protocolo de entrevista segundo o esquema de Prácticas Restaurativas .....	38
ANEXO VI: Boas Prácticas nas aulas: Protocolos de Intimidade .....	41

## 1. Análise da situación

### 1.1. Xustificación

O presente Plan de convivencia elabórase ao abeiro do disposto na normativa aplicable, nomeadamente a recollida na *Lei 4/2011, do 30 de xuño*, de convivencia e participación da comunidade educativa, e no *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro*, que a desenvolve. O seu ámbito de aplicación é a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, un centro público de ensinanzas artísticas superiores ao que accede alumnado maior de dezoito anos, que conta cunha media anual de 170 alumnos e alumnas, 37 profesores e profesoras e 8 persoas para administración e servizos. Conta igualmente cun servizo de cafetería e comedor ao que acceden persoas alleas ao centro, especialmente dos dous centros educativos para persoas con diferentes discapacidades que se sitúan na contorna. Tamén dispón dun pequeno auditorio no que se organizan mostras de traballo práctico escénico, ás que poden acudir persoas convidadas de fóra do Centro, pois o compromiso da ESAD é de ofrecer ao seu alumnado unha completa formación escénica de calidade e vinculada á contorna.

Considerando entón o ámbito de aplicación do presente Plan cómpre destacar que os estudos superiores de arte dramática teñen un marcado carácter vocacional, e o alumnado que cursa estas ensinanzas superiores artísticas é diverso e espello das profundas transformacións sociais que se están a producir na sociedade contemporánea. De aí que observemos unha permanente varianza no perfil do alumnado, dando lugar a situacións novas, algunhas delas non previsibles anos atrás. Por iso este Plan de Convivencia pretende crear o marco de convivencia básico de toda a comunidade educativa, incluíndo tamén un plan de benestar emocional dentro do marco organizativo e curricular do centro e trasladando aos documentos programáticos do centro os aspectos fundamentais do plan: Proxecto educativo, Proxecto curricular, Normas de organización e funcionamento, Plan anual e Manual de calidade.

### 1.2. Fins e principios

O plan de Convivencia do Centro recolle e desenvolve os fins e principios informadores da convivencia nos centros docentes, establecidos no artigo 3 da *Lei 4/2011*

- A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.
- A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre as persoas e na igualdade de trato e non discriminación das mesmas.
- A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.

- Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar. (vinculado ás Prácticas Restaurativas)
- Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar. (vinculado ao Benestar Emocional)
- A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado. (vinculado ao Benestar Emocional)

### **1.3. Valoración da situación actual**

A convivencia xeral da comunidade educativa da ESAD de Galicia, foi tradicionalmente a duns estudos superiores artísticos cunha forte compoñente vocacional, onde o alumnado é solidario, respecta e acepta a diversidade e onde a liberdade de expresión é practicada e considerada como parte fundamental do acto creativo. Tamén destaca a transversalidade das relacións da comunidade educativa, onde se poñen en práctica os valores democráticos propios dunha sociedade plural e avanzada. A Revisión do Plan de Convivencia do Centro, coa inclusión de novos protocolos de actuación, vén condicionada pola necesidade actual de incluír novos plans de benestar emocional e de Prácticas Restaurativas enfocadas á prevención e xestión de conflitos na comunidade educativa.

A derradeira enquisa realizada pola Comisión de Convivencia, tivo lugar no curso 2018-2019 para testar a situación da convivencia no centro, na que se observou que as principais preocupacións da comunidade educativa eran o absentismo e a deserción, así como problemas entre o profesorado e alumnado, condutas disrutivas nas aulas e mesmo acoso sexual ( esta última na posición novena de quince entre os conflitos máis habituais). Diante da inquedaanza porque o acoso sexual estivera dentro das preocupacións da comunidade educativa, organizouse unha actividade cunha especialista na materia, para informar sobre o acoso sexual e o xeito de detectalo. No curso 2022/23 impartíuse un Taller de Coordinación da Intimidade para alumnado por parte dunha experta neste ámbito, para incorporar protocolos de consentimento nas aulas.

A día de hoxe (curso 2020/21), co centro pacificado, a Comisión de Convivencia, cun grupo voluntario de profesoras, está a traballar na revisión e reelaboración de protocolos partindo das necesidades do alumnado, do profesorado e do persoal non docente. Os resultados dese traballo inclúense neste Plan nos anexos dous e tres, e nos obxectivos específicos e eixos que desenvolven o Plan.

#### **1.3.1.A situación do alumnado:**

Feita ao análise dos cursos anteriores, dedúcese que os puntos de maior relevancia en canto a convivencia teñen que ver coas seguintes cuestións:

- Unha convivencia baseada no respecto, empatía e entendemento entre o alumnado e a comunidade en xeral, tendo en conta as circunstancias específicas do traballo en común ( “respectar e non facer ruído en xeral, procurar unha disciplina que mellore o ambiente de traballo e a predisposición, facer o traballo previo para non entorpecer os procesos”).
- A convivencia vinculada ao respecto pola igualdade e a diversidade (“Non tocar corpos de compañeiras sen consentimento, non facer comentarios non requiridos con respecto ao aspecto físico das demais persoas”).
- A revisión das estratexias pedagóxicas e metodolóxicas nas diferentes especialidades desde unha perspectiva non patriarcal.

### **1.3.2. A situación do profesorado**

En canto ao profesorado, é clara a preocupación vontade por crear un clima seguro de convivencia e de respecto pola igualdade, tanto dentro coma fora das aulas, e para toda a comunidade. Isto evidenciase por medio de dúas liñas de traballo:

- A revisión de metodoloxías de traballo nos departamentos didácticos.
- A creación dun código de boas prácticas que servirá como guía a toda a comunidade educativa.

## **2. Obxectivos xerais e obxectivos específicos derivados da análise da situación actual**

### **2.1. Obxectivos xerais**

Segundo establece a lexislación vixente, Decreto 8/2015, o plan de convivencia deberá contribuír á consecución dos seguintes obxectivos xerais:

- Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre as persoas.
- Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

- Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

## 2.2. Obxectivos específicos

En canto aos obxectivos derivados da situación actual, e tendo en conta o disposto na lexislación vixente aplicable antes citada, este Plan de Convivencia persegue:

- Garantir que o profesorado, alumnado e o persoal de administración e servizos mostre condutas solidarias, de cooperación e de colaboración con todos os integrantes da comunidade escolar.
- Potenciar que a comunidade escolar aposte decididamente pola resolución educativa dos conflitos e a intervención eficaz nos problemas de convivencia escolar.
- Promover que todos os membros da comunidade escolar se implique no proceso de promoción de pautas de convivencia.
- Fomentar a aprendizaxe e a práctica de comportamentos cívicos, habilidades sociais, educación en valores, educación emocional, ou traballo cooperativo.
- Propiciar a implicación de toda a comunidade educativa na construción dunha Escola que aposte pola integración e a practique.
- Articular todos os protocolos de actuación específicos, precisos para solventar problemas de convivencia que vulneren todo tipo de dereitos dos membros da comunidade.
- Implicar a toda a comunidade educativa para practicar a convivencia dentro da ESAD de Galicia desde unha perspectiva de xénero.
- Educar á comunidade escolar na igualdade e no respecto pola diversidade.
- Dar a coñecer e difundir este Plan de Convivencia e os seus protocolos: plan de benestar emocional.
- Dar a coñecer e difundir o Código de Boas Prácticas da ESAD de Galicia.

## 3. Directrices básicas de Convivencia: O modelo de convivencia que a ESAD precisa

Coa firme vontade de promover un espazo seguro, libre de acoso e no que a liberdade de expresión e creación sexa xestionada desde catro eixos fundamentais:

- O respecto á diversidade (de crenzas, de pensamento, de xénero...).
- O rigor pedagóxico.
- A igualdade, integrando a perspectiva de xénero en todas as accións pedagóxicas, creativas e de convivencia
- O respecto pola normalización da lingua galega

### **3.1. Axentes responsables da Convivencia na ESAD de Galicia**

A comunidade educativa no seu conxunto velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar os obxectivos anteriormente citados.

Polo que, son axentes responsables da convivencia do centro:

#### **O CONSELLO ESCOLAR**

O Consello escolar do centro, ademais das funcións que lle atribúe o artigo 127 da Lei orgánica 2/2006 e o artigo 57 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito a educación, terá as seguintes:

- Elixir as persoas representantes da comisión de convivencia, de acordo co establecido no artigo 6.2 deste decreto.
- Establecer directrices para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- Realizar anualmente o seguimento e a avaliación do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- Propor actuacións en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade educativa, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

#### **O CLAUSTRO DO PROFESORADO**

Ademais das funcións que lle atribúe o artigo 129 da Lei orgánica 2/2006, o claustro do profesorado terá as seguintes funcións:

- Realizar propostas para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- Participar na avaliación anual da convivencia no centro, incidindo especialmente no desenvolvemento do plan de convivencia.
- Propor actuacións de carácter educativo, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

#### **O EQUIPO DIRECTIVO**

Terá as seguintes funcións:

- Elaborar, de ser o caso, xunto coa Comisión de Convivencia, o plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste, así como as demais competencias da comisión de convivencia.
- Impulsar as actividades previstas no plan de convivencia, así como velar pola realización destas e polo cumprimento das normas de convivencia.

De conformidade co artigo 132.f) da Lei orgánica 2/2006, correspóndelle á dirección a imposición das medidas correctoras, sen prexuízo do establecido no artigo 44 deste decreto, consonte o artigo 26 da Lei 4/2011, do 30 de xuño.

## Á XEFATURA DE ESTUDOS

Correspóndenlle as seguintes funcións, en materia de convivencia:

- Coordinar e dirixir as actuacións establecidas no plan de convivencia do centro e nas normas de convivencia do centro.
- Velar polo desenvolvemento coordinado e coherente das actuacións establecidas no plan de convivencia e das actuacións relativas á mellora da convivencia reflectidas nos respectivos plans de acción tutorial e de atención á diversidade do centro.
- Promover o exercicio da mediación que se leve a cabo no centro.
- Organizar a atención educativa do alumnado a que se lle suspendese o dereito de asistencia á clase, no marco do disposto nas normas de organización e funcionamento do centro.

## OS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

Os órganos de coordinación docente, no seu ámbito competencial, serán responsables de incorporar nas súas actuacións as medidas e os acordos adoptados, de conformidade co que estableza o plan de convivencia e as normas de convivencia do centro. En todo caso, as medidas e os acordos do número anterior serán recollidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e polo resto dos órganos de coordinación docente para incluílos nos documentos institucionais do centro, concretamente nas guías docentes, para asegurar a coherencia destes co proxecto educativo do centro e a programación xeral anual.

### 3.2. A Comisión de Convivencia

A Comisión de Convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade en todos os sectores da comunidade educativa. Estará composta por unha persoa en representación de cada sector da comunidade educativa: dirección, alumnado, profesorado e persoal de administración e servizos. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da Comisión de Convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente. A Comisión de Convivencia manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros. Entre as súas funcións están:

- Impulsar a elaboración do plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.



- Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro, persoas que poidan formar parte de equipos de mediación, e do Grupo de Apoio á Convivencia.
- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

### 3.2.1.O GAC (Grupo de Apoio á Convivencia)

A Comisión de Convivencia, da ESAD de Galicia creará o GAC, o **Grupo de Apoio á Convivencia**, de xeito temporal para atender un feito puntual que se produza na comunidade educativa. Será un órgano de apoio á convivencia para a prevención e, no seu caso, a detección e a xestión (coa dirección do centro), dos casos de acoso sexual e abuso de poder que poidan producirse dentro da comunidade educativa. As persoas que conforman o grupo actuarán con absoluta imparcialidade e de xeito confidencial, recibindo unha formación que lles permita desenvolver a súa tarefa.

O GAC será proposto á dirección do centro pola Comisión de Convivencia, que á súa vez escoitara a PAS, Alumnado e Claustro de profesorado. O Consello Escolar será informado e o GAC estará conformado do seguinte xeito:

- Unha integrante da Comisión de Convivencia no Consello Escolar.
- Unha profesora.
- Unha alumna.
- Unha integrante do PAS.

O Grupo de Apoio á Convivencia actuará con independencia e as súas funcións son:

- Por en marcha, cando se precise, o protocolo de acoso sexual, xunto coa dirección do centro.
- Ser contacto de confianza para persoas en risco de acoso.
- Xestionar as mensaxes e denuncias que reciba por calquera medio estipulado (caixa de correo habilitada, mensaxes, etc.)
- Realizar as súas funcións nos tempos indicados no protocolo.
- Manter a confidencialidade absoluta en todas as súas xestións.
- Elaborar as accións precisas para asesorar e acompañar a posíbeis vítimas, así como para proporcionar información que poida contribuir a que as presuntas persoas agresoras tomen conciencia do problema.

#### **4. Actuacións do Plan de Convivencia: Medidas e estratexias de actuación**

Coa finalidade de impulsar a convivencia na comunidade académica, a ESAD de Galicia pon en marcha unha serie de medidas de prevención e estratexias de actuación:

- Campaña de información a toda a comunidade educativa que garanta o coñecemento da norma e que fomente o respecto mutuo.
- Campañas de formación da comunidade escolar que permita a prevención e a detección de situacións de acoso, acoso sexual e abuso de poder.
- Xuntanzas periódicas coas asociacións de estudantes, para testar a situación actual do centro en canto a cuestións de igualdade.
- Posta en marcha de protocolos para a detección de calquera situación en que puidese ter lugar tal tipo de condutas, garantindo o anonimato (Segundo os Protocolos de Protección de Datos).
- Determinar as medidas e correccións que correspondan atendendo á lexislación vixente se os feitos se considerasen probados e sempre en función da súa gravidade.
- Potenciar a mediación a través da Comisión de Convivencia, por medio da creación do Grupo de Apoio á Convivencia, contemplado na revisión deste Plan de Convivencia, para detectar malas praxes vinculadas á violencia de xénero.
- Informar á inspección educativa, e comunicación das medidas adoptadas.
- Posta en marcha dun código de boas prácticas a seguir pola comunidade educativa, nomeadamente polo claustro de profesorado.

##### **4.1.Código de boas prácticas da ESAD de Galicia**

Profundando nas estratexias de actuación a prol da convivencia no centro, a ESAD de Galicia conta cun código de boas prácticas para pór en marcha no curso 21/22, co obxectivo de convertelo en referente para toda a comunidade académica, moi especialmente para o claustro do profesorado. Neste Plan de Convivencia, atopámolo no anexo II.

#### **5. Condutas contrarias ás normas de convivencia e medidas a tomar en cada caso**

O Decreto 8/2015 no seu artigo 33 establece as condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, que se clasifican en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, e condutas leves contrarias á convivencia. Os artigos 32, 34, 35, 36 e 37 establecen outros aspectos que se sinalan a continuación.

##### **5.1.Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia**

- As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

- Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011. De acordo co establecido no artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticas ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. O acoso escolar terá a consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia, consonte o establecido no artigo 38 do decreto 8/2015.
- A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
- Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.
- Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, na identidade, na orixe étnica, relixiosa, ideolóxica ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e a corrección imposta aterase ao disposto no apartado 5 do punto 7.2.1.
- A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- O incumprimento das sancións impostas.

#### **5.1.1. Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais**

As condutas gravemente prexudiciais, poden ser corrixidas mediante as medidas seguintes:

- Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.

- Cambio de grupo, cos casos en que proceda.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Expulsión definitiva do centro

### **5.1.2. Aplicación das medidas correctoras ás condutas gravemente prexudiciais para a convivencia**

A dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, impondrá as correccións enumeradas no apartado anterior de conformidade cos procedementos previstos neste mesmo Plan no apartado 7. 5.

Unha alumna ou un alumno poderá ser readmitida/o nas clases antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.

A expulsión definitiva do centro só poderá ser tomada pola inspección educativa ou os órganos competentes nesta materia, segundo a instrución do expediente disciplinario.

### **5.2. Condutas leves contrarias á convivencia**

Son condutas leves contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:

- As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto<sup>1</sup>.
- Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares,

---

<sup>1</sup>-As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

-Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, xénero, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

-Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

-Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

-Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

-As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.

cando non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011<sup>2</sup>.

- A falta de asistencia reiterada e inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, cando estas faltas prexudiquen o normal desenvolvemento das actividades de docencia e aprendizaxe e as tarefas e traballos de carácter colectivo asignadas e aceptadas.
- A reiterada asistencia ao centro sen o material, equipamento ou traballos encomendados e precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- O non cumprimento de tarefas asignadas nos procesos de ensinanza e aprendizaxe e noutras actividades de exhibición, creación e investigación presentes na Guía docente dunha materia ou que teñan sino pactadas e acordadas entre profesorado e alumnado ou entre o propio alumnado.
- O uso inadecuado das aulas, materiais, infraestruturas e recursos do centro.

### **5.2.1. Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia**

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixidas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:

- Amoestación verbal privada ou por escrito.
- Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.
- Realización de traballos específicos en horario lectivo.
  
- Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá de realizar os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

### **5.2.2. Aplicación das medidas correctoras das condutas leves**

A súa aplicación será comunicada á comisión de convivencia do centro e será levada a cabo por:

- O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos no caso das medidas previstas nos puntos 1, 2, e 3 do apartado anterior.
- A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, no caso das medidas previstas nos puntos 1, 2, 3, e 4, do apartado anterior.
- A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nos puntos 5 e 6 do apartado anterior.

---

<sup>2</sup>-Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos, substancias ou produtos que non contén con permiso de uso na normativa do centro.

### 5.3. Solicitude de revisión e execución de medidas

As alumnas ou os alumnos ás/aos cales se lles apliquen as medidas correctoras dunha conduta contraria ás normas de convivencia poderán mostrar o seu desacordo coa súa aplicación, no prazo de dous días lectivos, mediante escrito dirixido á dirección do centro que, logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora. A resolución que se derive do dito escrito pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva.

### 5.4. Procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

- A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: conciliado ou común.
- Utilizarase un ou outro procedemento dependendo das características concretas da conduta que se vaia corrixir, das circunstancias en que se produza e da idade, as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.
- Correspóndelle á dirección do centro decidir a instrución e o procedemento que se vai seguir en cada caso, logo da recollida da necesaria información.
- A dirección do centro informará o profesorado titor/a da alumna ou alumno corrixida/o e ao consello escolar das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que fosen corrixidas.
- No centro docente quedará constancia da corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia coa finalidade de apreciar a reincidencia de condutas, de ser o caso.

#### 5.4.1. Determinación do procedemento de corrección (Artigo 47 )

A dirección do centro, unha vez que teña coñecemento dos feitos ou condutas que vaian ser corrixidos, se o considera necesario, poderá acordar a apertura dun período de información previa, co fin de coñecer con máis exactitude as circunstancias concretas en que se produciu a conduta que se vai corrixir e a oportunidade ou non de aplicar o procedemento conciliado. Esta información previa deberá estar realizada no prazo máximo de dous días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos.

- A dirección do centro, asesorado, de ser o caso, polo profesorado titor/a da alumna ou do alumno a que se vai corrixir, analizará e valorará a conduta producida tendo en conta como se produciu, a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais da/o alumna/o e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.
- Ao iniciarse o procedemento ou en calquera momento da súa instrución, a dirección, á vista das repercusións que a conduta da alumna ou do alumno puidese ter na convivencia escolar, poderá adoptar as medidas correctoras provisionais que considere convenientes. As medidas provisionais poderán consistir no cambio temporal de grupo ou na suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases, actividades ou ao centro por un período que non será superior a tres días lectivos.
- Á vista das conclusións obtidas na valoración, a dirección do centro determinará o procedemento de corrección máis adecuado para cada caso, tendo presente que, sempre que concorran as circunstancias necesarias, se propiciará a corrección das

condutas gravemente prexudiciais para a convivencia mediante o procedemento conciliado. Así mesmo, sempre que sexa posible, deberá intentarse a conciliación entre a alumna ou o alumno e os outros membros da comunidade educativa cuxos dereitos fosen lesionados, e a reparación voluntaria dos danos materiais ou morais producidos.

#### **5.4.2. Inicio do procedemento de corrección**

No prazo de tres días lectivos, contados desde que se tivo coñecemento da conduta merecedora de corrección, a dirección do centro notificaralle esta por escrito á alumna ou ao alumno. Nos casos en que se lles ofrecese á alumna ou ao alumno a posibilidade de corrección da conduta mediante o procedemento conciliado, esta/e comunicarán por escrito á dirección do centro a aceptación ou non deste procedemento no prazo dun día lectivo seguinte á recepción da notificación. De non comunicárselle nada á dirección do centro nese prazo, aplicaráselle o procedemento común. Independentemente do procedemento de corrección que se vaia utilizar, a dirección do centro educativo designará unha persoa docente para que actúe como instrutora ou instrutor do procedemento corrector. A dirección do centro educativo deberá encomendar a instrución dos procedementos correctores ao profesorado que teña un bo coñecemento do centro e da súa comunidade educativa e, a ser posible, que teña experiencia ou formación en convivencia escolar, mediación e resolución de conflitos no ámbito escolar. A persoa instrutora terá as seguintes funcións:

- Practicar cantas dilixencias considere pertinentes para a comprobación da conduta do alumnado e para determinar a súa gravidade e o seu grao de responsabilidade.
- Custodiar os documentos e efectos postos á súa disposición durante a instrución.
- Propor á dirección do centro a adopción das medidas provisionais que considere pertinentes, as medidas correctoras que se vaian aplicar e, se proceden, as medidas educativas reparadoras referidas neste Plan.
- Propor á dirección do centro o arquivo das actuacións se logo das indagacións realizadas considera que non procede corrixir a conduta.
- A incoación do procedemento, así como a súa resolución, notificaranse na forma prevista neste Plan e comunicárselle á Inspección Educativa.
- Que a alumna ou o alumno responsable dalgunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia recoñeza a gravidade da súa conduta, estea disposta ou disposto a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.
- No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse ao dito procedemento.
- O procedemento conciliado non procederá nos seguintes casos:
  - Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.
  - Cando a persoa agraviada e/ou o alumno/a non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.
  - Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, coa mesma alumna ou co mesmo alumno, para corrixir unha conduta semellante.
- O procedemento conciliado require da instrución dun procedemento corrector, de acordo co previsto neste Plan.



### **5.4.3. Desenvolvemento do procedemento conciliado**

Cando a alumna ou o alumno opten por corrixir a conduta polo procedemento conciliado, a dirección convocará a persoa docente designada como instructor/a do procedemento corrector e as persoas afectadas a unha reunión, no prazo máximo dun día lectivo contado desde o remate do prazo para a comunicación da opción elixida. Na reunión, a persoa instrutora recordarlles ás afectadas e aos afectados que están a participar nun procedemento conciliado a que se someteron voluntariamente, e que iso supón acatar o acordo que derive deste. Tamén advertirá a alumna ou o alumno que as declaracións que se realicen formarán parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación. Posteriormente, a persoa instrutora exporá e valorará a conduta que é obxecto de corrección facendo fincapé nas consecuencias que tivo para a convivencia escolar e para os demais membros da comunidade educativa e, oídas as partes, proporá algunha das medidas correctoras para aquela conduta. A continuación, a persoa instrutora dará a palabra á alumna ou ao alumno e ás persoas convocadas para que manifesten as súas opinións sobre a conduta que se pretende corrixir e realicen as consideracións oportunas sobre a súa corrección. A petición de desculpas por parte da alumna ou do alumno será tida en conta como circunstancia que condiciona a súa responsabilidade, á hora de determinar a medida correctora que se vaia adoptar. Finalmente, as persoas participantes no procedemento deberán acordar a medida correctora que consideren máis adecuada para a conduta da alumna ou do alumno e, se procede, as medidas educativas reparadoras referidas neste Plan. Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas por parte do alumno ou da alumna autor/a da conduta e da persoa agraviada. O acordo consensuado polas partes será ratificado pola persoa que exerza a dirección do centro. O incumprimento por parte da alumna ou do alumno das medidas correctoras acordadas dará lugar á corrección da súa conduta mediante o procedemento común. O procedemento conciliado finalizará unha vez obtido o acordo entre as partes. No caso de que non se logre o acordo, continuarase a corrección polo procedemento común.

### **5.4.4. Intervención dunha persoa mediadora no procedemento conciliado**

No procedemento conciliado actuará unha persoa mediadora a proposta da Comisión de Convivencia do centro. A persoa mediadora non substituirá a instrutora do procedemento, senón que colaborará con ela para lograr o achegamento entre as persoas afectadas e o seu consenso na medida correctora que se vaia aplicar. As funcións que poderá desempeñar a persoa mediadora neste procedemento serán as seguintes:

- Contribuír ao proceso de conciliación.
- Axudar a que cada unha das persoas afectadas comprenda cales son os intereses, necesidades e aspiracións das outras partes para chegar ao entendemento.
- Apoiar o adecuado cumprimento do acordado no procedemento conciliado.

### **5.4.5. Procedemento común**

O procedemento común de corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro utilizarase cando a alumna ou o alumno opte por el, ou cando non sexa posible desenvolver o procedemento conciliado. O procedemento común require da instrución dun procedemento corrector:



- A persoa responsable da tramitación deste procedemento corrector será unha persoa docente do centro designada como persoa instrutora.
- A persoa instrutora deberá precisar no expediente o tipo de conduta da alumna ou do alumno, así como a corrección que corresponde en función dos feitos probados, das circunstancias concorrentes e do seu grao de responsabilidade.
- A persoa instrutora disporá de cinco días lectivos para a instrución do procedemento corrector, contados a partir da súa designación. Convocará por escrito ás partes e a cantas persoas poidan aportar información sobre o acontecido para ter coñecemento dos feitos, e unha vez finalizadas as comparecencias elaborará un informe.
- Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará a proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou ao alumno, convocándoo a unha comparecencia que terá lugar no prazo máximo de tres días lectivos contados a partir da recepción da citación. Na referida comparecencia poderán acceder a todo o actuado e do resultado expedirase acta.

#### **5.4.6. Resolución do procedemento de corrección, reclamacións e execución de medidas**

Á vista da proposta da persoa instrutora, a dirección do centro ditará a resolución escrita do procedemento de corrección, que considerará polo menos os seguintes contidos:

- Feitos probados.
- De ser o caso, circunstancias que reduzan ou acentúen a responsabilidade.
- Medidas correctoras que se vaian aplicar.
- Posibilidade de solicitar ante o consello escolar, no prazo de dous días lectivos desde a recepción da resolución, a revisión da medida correctora imposta.

A dirección do centro notificaralle por escrito á alumna ou ao alumno a resolución adoptada no prazo dun día lectivo a partir da recepción da proposta da instrutora ou do instrutor, e remitiraa á Xefatura Territorial correspondente. As correccións que se impoñan por parte da dirección do centro en relación coas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia poderán ser revisadas polo consello escolar por instancia das alumnas ou dos alumnos de acordo co establecido no artigo 127.f) da Lei orgánica 2/2006, para os centros públicos.

- Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas de acoso.
- As correccións que se impoñan por este procedemento serán inmediatamente executivas.

#### **5.4.7. Compromisos educativos para a convivencia**

En todos os casos de condutas contrarias á convivencia, mesmo cando non haxa conciliación por non ser aceptadas as desculpas pola persoa ou persoas prexudicadas, poderase suspender a aplicación das medidas correctoras adoptadas se a alumna ou o alumno corraxida ou corraxido asina un compromiso educativo para a convivencia. Nun compromiso educativo para a convivencia deberá figurar de forma clara e detallada a que se compromete a alumna ou o alumno as actuacións de formación para a convivencia, prevención e de modificación de

condutas, que se comprometen a levar a cabo, persoalmente ou mediante a intervención de institucións, centros docentes ou persoas adecuadas. Igualmente, deberán constar os mecanismos de comunicación e coordinación co centro. A falta de cumprimento dos compromisos adquiridos por parte da alumna ou do alumno determinará a aplicación inmediata das medidas correctoras suspendidas.

#### 5.4.8. Prescrición de condutas e de correccións

- As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes, tipificadas neste decreto, prescriben aos catro meses da súa comisión
- As condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.
- O prazo de prescrición comezará a contar desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo de prescrición non empezará a computar mentres esta non cese.
- En caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e reiniciarase o cómputo do prazo de prescrición no caso de producirse a caducidade do procedemento.
- As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón.
- As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

## 6. Intervención diante do acoso

Sen desatender outras formas de acoso coma por exemplo o "acoso laboral" e "acoso sexual" (este xa desenvolvido no *protocolo sobre o tratamento do acoso sexual e a violencia de xénero na ESAD de Galicia*), tratamos neste apartado o "acoso escolar" e os procedementos para erradicalo da convivencia académica.

### 6. 1. Acoso escolar

Segundo o artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, "considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar".

O acoso entre o alumnado pódese manifestar mediante diferentes condutas:

- Comportamentos de desprezo, difamación e ridiculización.
- Coaccións.

- Agresións físicas e/ou verbais.
- Comportamentos de intimidación e ameaza
- Comportamentos de exclusión e marxinação social.
- Substracións, extorsións, chantaxes e deterioro de pertenzas.
- Utilización de Internet, redes sociais, mensaxes de móbiles, etc., coa intención de facer dano a través de diferentes procedementos: Envío masivo de correos electrónicos non desexados, difusión de imaxes sen consentimento da interesada ou interesado, etc.

Compre distinguir entre acoso escolar e agresións esporádicas ou outras manifestacións violentas entre alumnado que non garden continuidade no tempo, nin supoñan inferioridade dun dos participantes no suceso. Entenderase que existe una situación de acoso entre estudantes se se dan simultaneamente as tres circunstancias seguintes:

- Intención de facer dano.
- Reiteración de condutas agresivas.
- Desequilibrio de forzas entre acosador/a ou acosadores/as e vítima.

## **6.2. Comunicación do acoso escolar**

Calquera membro da comunidade educativa -alumnado, profesorado, persoal de administración e servizos- que teña coñecemento dunha situación de acoso ou considere a existencia de indicios razoables, ten a obrigaón de poñela en coñecemento do Equipo Directivo do Centro, que obrará segundo os indicios, probas e testemuños existentes, tomando as medidas que cada caso aconselle. O Centro ten en funcionamento unha “Caixa de correo” específica para a recollida de denuncias ou comunicacións, que será xestionada polo Servizo de Calidade quen remitirá a Xefatura de Estudos ditas queixas. En todos os casos deberá garantirase o anonimato da identidade da persoa que realiza a denuncia ou comunicación. Así mesmo, calquera denuncia que sexa falsa ou indique indicios de actuación mal intencionada, por calquera dos membros da Comunidade Educativa, pode ser sancionada pola Comisión de Convivencia con medidas correctoras que poden ir dende a falta leve a falta grave.

## **6.3. Procedemento diante das situación de acoso escolar**

Para valorar a situación denunciada, a Xefatura de Estudos, seguindo as instrucións da Dirección, solicitará ao titor/a da alumno/a afectado/a que recolla información relacionada con esa situación. En función da información aportada polo titor/a, a Dirección poderá establecer medidas preventivas de protección que garantan a inmediata seguridade do alumno/a que puidera estar sendo acosado/a. Estas medidas de protección consistirán no incremento da vixilancia naquelas zonas e durante os momentos que sexan susceptibles de producirse o acoso. Se da intervención do titor/a do alumno/a afectado/a se confirmara a existencia de indicios de acoso, e para verificar a situación, a Dirección instará ao titor/a, ou á persoa que designe, para que continúe o procedemento, realizando as indagacións oportunas. Se for necesario a Xefatura de Estudos e a Dirección da Escola poderá recoller asesoramento doutros órganos da Administración competente en Educación. A Dirección manterá informado ao Consello Escolar das situacións detectadas e das actuacións adoptadas.

## **7. A violencia de xénero no ámbito académico**

A violencia de xénero é un dos problemas sociais máis graves na actualidade. É un tipo de violencia estrutural e ideolóxica, que se vén exercendo durante décadas sobre as mulleres polo

mero feito de selo, sen distinción de etnia, idade ou clase social e constitúe a expresión máis extrema da desigualdade entre homes e mulleres.

En Galicia, a Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, publicada no DOG n.º 152 do 7 de agosto de 2007, e modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo (publicada no DOG n.º 140 do 26 de xullo do 2016) recolle no seu Título preliminar que se entende por violencia de xénero: **calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada.**

### 7.1. Procedementos de actuación

Segundo a “Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo”, (<http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>) ante calquera sospeita ou coñecemento por parte do persoal docente dun caso de violencia de xénero sufrida por parte dunha persoa ~~alumna~~, esta ~~persoa~~ debe poñelo en coñecemento da dirección do centro, indicando como chegou ao seu coñecemento ese caso (a propia ~~alumna~~ vítima, amigas ou amigos da ~~alumna~~ vítima, profesorado ou outros) e indicando tamén os sinais de alarma atopados. É moi importante deixar sempre todo documentado por escrito para poder en calquera momento saber con exactitude como transcorreron os feitos.

Na ESAD de Galicia, atendendo ás nosas especificidades, elaboramos un protocolo propio, que xestiona a maior parte das accións que require o **Protocolo para tratamento do acoso sexual e a violencia de xénero na ESAD de Galicia** (ver Anexo II).

## 8. Plan de Igualdade

En proceso de elaboración ~~para o curso 2021/22~~, a partir do seguinte marco normativo:

### Lexislación estatal

- Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.
- Lei Orgánica (LOE) 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

### Lexislación autonómica

- Lei para a Igualdade de Mulleres e Homes de Galicia (Lei 7/2004, de 16 de xullo)
- Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27 de xaneiro).
- Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

- VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.

## 9. Anexos

**ANEXO I:** PLAN DE BENESTAR EMOCIONAL DO CENTRO

**ANEXO II:** CÓDIGO DE BOAS PRÁCTICAS PARA A CONVIVENCIA NA ESAD DE GALICIA

**ANEXO III:** DIVERSIDADE, IGUALDADE E INCLUSIÓN

**ANEXO IV:** PROTOCOLO PARA O TRATAMENTO DO ACOSO SEXUAL E A VIOLENCIA DE XÉNERO  
NA ESAD DE GALICIA

**ANEXO V:** PROTOCOLO DE ENTREVISTA SEGUNDO O ESQUEMA DE PRÁCTICAS RESTAURATIVAS  
NOS PROCESOS

**ANEXO VI:** BUENAS PRÁCTICAS NAS AULAS: PROTOCOLOS DE INTIMIDADE.

## ANEXO I

### PLAN DE BENESTAR EMOCIONAL DO CENTRO.

#### 1. INTRODUCCIÓN

O benestar emocional é un concepto amplo que ten que ver, non só coa experiencia subxectiva de sentirse ben, en harmonía e con tranquilidade, senón tamén coa experiencia persoal de satisfacción por ser quen de afrontar dificultades e superar de xeito positivo ou adaptativo as contrariedades que se presentan na vida cotiá.

Segundo a OMS, no seu plan de acción integral sobre saúde mental, para o período 2013-2020, a saúde ou o benestar emocional é un “estado de ánimo no cal a persoa dase conta das súas propias aptitudes, pode afrontar as presións normais da vida, pode traballar de xeito máis produtivo e pode facer unha contribución á comunidade”. O coidado do benestar emocional é o acompañamento que desde a escola debe realizarse para favorecer:

1. **A resiliencia;** reforzando os procesos que integran a capacidade para afrontar as adversidades, saír fortalecido e construír sobre elas, adaptándose positivamente.
2. **O desenvolvemento das competencias emocionais** a través dunha educación emocional que, segundo Bisquerra e Pérez\* (2007) abordaría o coidado do benestar emocional afianzando:
  - **Conciencia emocional:** capacidade para tomar conciencia das propias emocións e das demais persoas, incluíndo a habilidade para captar o clima emocional dun contexto determinado.
  - **Regulación emocional:** capacidade para manexar as emocións de forma apropiada. Supón tomar conciencia da relación entre emoción, cognición e comportamento.
  - **Autonomía persoal:** conxunto de características e elementos relacionados coa autoxestión persoal como a autoestima, actitude positiva diante da vida, responsabilidade, capacidade para analizar criticamente as normas sociais, capacidade para buscar axuda e recursos, así como a autoeficacia emocional, intelixencia interpersonal...
  - **Competencia social:** capacidade para manter boas relacións con outras persoas. Isto implica dominar habilidades sociais, comunicación efectiva, respecto, actitudes prosociais, asertividade...
  - **Habilidades de vida e benestar:** capacidade para adoptar comportamentos apropiados e responsables para afrontar satisfactoriamente os desafíos diarios da vida, xa sexan privados, profesionais ou sociais así, como as situacións excepcionais coas que imos tropezando. Permítennos organizar a nosa vida de xeito saudable e equilibrado, facilitándonos experiencias de satisfacción ou benestar.

3. O **desenvolvemento da autoestima**, desde o marco da educación ética entendida como os sentimentos de: ser amado incondicionalmente, da propia eficacia, que implica ser valorado polo noso comportamento e da propia dignidade.

O desenvolvemento de capacidade de análise crítico das situacións que levan a un estado de malestar emocional e propiciar a reflexión conxunta e animar a participación na comunidade vira a centralidade do problema. Pasa dun asunto persoal , sentimento de culpabilización, a un asunto colectivo.

## 2. INTERVENCIÓN

Para desenvolver o acompañamento ao benestar emocional nos centros educativos propónse unha intervención por fases. As actuacións están orientadas a enfocar as características específicas de cada unha destas fases.

**Primeira fase:** detección e acompañamento. Temporalización: inicio inmediato e duración en tanto persista a súa necesidade.

**Segunda fase:** fortalecemento da resiliencia e da competencia emocional na comunidade educativa. Temporalización: inicio setembro 2023 e duración en tanto persista a súa necesidade.

**Terceira fase:** Consolidación. Planificación e organización da dotación de recursos didácticos. Temporalización: presentación de iniciativas en xuño 2024 para o desenvolvemento a partir do curso 2024/25

### FASE 1: DETECCIÓN E ACOMPAÑAMENTO

Obxectivo principal: detectar situacións de malestar, ansiedade, sufrimento... no conxunto da comunidade educativa e dotar de recursos para o acompañamento e intervención na comunidade educativa. Temporalización: inicio inmediato e duración en tanto persista a súa necesidade. Accións: Profesorado: acompañamento e apoio a través de redes de apoio entre equipos directivos e docentes, creando espazos e tempos virtuais para compartir emocións e propostas.

#### Táboa 1: Decálogo preguntas para pensar conxuntamente e transformar

1. Como nos sentimos e que aprendemos?
2. O clima de convivencia positiva creado previamente no centro resultou útil?

3. O traballo previo realizado para o desenvolvemento das competencias para convivir resultou de proveito?
4. As experiencias previas en relación ás situacións que alteran a convivencia e a resolución de conflitos resultaron útiles?
5. Como analizamos e valoramos a relación familia-escola?
6. Serviron como apoio e axuda a coordinación e colaboración entre os diferentes membros da comunidade educativa?
7. Serviron como apoio e axuda as canles de coordinación e colaboración co contorno?
8. Como analizamos o noso labor docente?
9. Como analizamos o acceso do alumnado ao currículo e a metodoloxía empregada polo profesorado?
10. Como optimizamos os recursos, os espazos e os tempos?

### **Pistas para reflexionar e transformar o benestar**

Pensar xuntos e xuntas pode axudarnos a comprender mellor, a expresar os malestares que sentimos e as aprendizaxes que fixemos para adaptarnos. Inventar, construír e organizar respostas novas e diferentes para a volta é o gran reto diante dunha situación incerta.

O coidado do benestar emocional non supón negar ou facer que desaparezan os malestares propios da vida, da aprendizaxe, das situacións adversas ou do sufrimento. Tampouco supón organizar unha escola onde todo sexa “felicidade” ou na que todo estea baixo control e perfectamente organizado e sen conflitos... sería enganoso e poñeríanos nunha situación de vulnerabilidade.

O coidado do benestar emocional supón aceptar a escola como lugar e tarefa, non o sabemos todo e necesitamos aprender a: observar, escoitar, esperar, expresar e lexitimar o que sentimos, compartilo para comprendelo e responsabilizarnos. Convivir deste xeito coas nosas emocións fortalécenos e axúdanos a medrar xuntos favorecendo a autonomía e a solidariedade.

### **Redes de apoio**

A existencia de redes de apoio e acompañamento, tanto formais como informais, protexen socialmente á persoa e diminúen a súa situación de vulnerabilidade. Unha rede está conformada por persoas e as relacións que se establecen entre eles, canto máis forte sexa o vínculo desas relacións, máis forte será a rede.



O papel que van desempeñar as redes na procura de apoio e axuda vai depender da:

- frecuencia con que se active a rede: cantas máis veces se active a rede, máis forte será
- intensidade do vínculo que se estableza e de como é percibido por parte das persoas
- direccionalidade: nas redes a axuda é bidireccional e esa reciprocidade contribúe á súa permanencia.

As redes da ESADg son:

- Grupo-clase
- Comisión de Convivencia: GAC
- Asociación Alumnos AESADg
- Colectivo CUIR
- AESADg-Feminista
- Directiva
- ?...

Cando as redes de apoio funcionan e acadan esa estabilidade convértense en recursos naturais de axuda na atención a persoas en situación de vulnerabilidade por causas diferentes. Estas redes de apoio e acompañamento deben ser contempladas como medidas sostibles que se manterán ao longo do curso escolar, facendo maior fincapé nos momento de excepcionalidade nos que a continuación da interacción é importante pois contribúe ao benestar da persoa.

O estado emocional das persoas determina a súa capacidade para recibir e comprender información, para organizarse e mesmo para implicarse profesionalmente nunha tarefa, por iso é tan importante tecer dentro do centro redes de apoio e acompañamento que faciliten, ás persoas que conforman a comunidade educativa, un sentimento de pertenza e tranquilidade que as axude no seu proceso de reconstrución persoal.

Neste senso, cómpre visibilizar e revitalizar as redes xa existentes nos centros, así como crear outras novas e convertelas en redes de apoio nas que se aproveiten as fortalezas dos seus membros para a mellora da calidade do funcionamento destes e da calidade do servizo que presten.

## **ANEXO II**

### **CÓDIGO DE BOAS PRÁCTICAS PARA A CONVIVENCIA NA ESAD DE GALICIA**

#### **PREÁMBULO. LIBERDADE E IGUALDADE DE DEREITOS E RESPECTO POLA DIFERENZA**

A Declaración Universal dos Dereitos Humanos afirma que as persoas nacen libres e iguais en dignidade e dereitos e, dotadas como están de razón e conciencia, deben ser aceptadas sen discriminación ou distinción ningunha por razóns de orixe, sexo, cultura, relixión, idioma ou opinión política (ou por razóns de calquera outra índole ou condición). A comunidade educativa da ESAD de Galicia, promoverá no ámbito das súas competencias e responsabilidades, o respecto destes dereitos.

#### **TOLERANCIA IDEOLÓXICA**

A ESAD de Galicia fundaméntase no dereito á liberdade de opinión e de expresión recoñecidas pola Constitución Española no seu artigo 20. Ningunha persoa será importunada por mor das súas ideas. Os principios de democracia, tolerancia, diálogo e sentido crítico deben imperar en todos e cada un dos encontros e intercambios académicos, persoais, sociais e artísticos que se desenvolven na ESAD.

-As persoas integrantes do profesorado asumirán a responsabilidade do poder que se exerce, non abusando do mesmo especialmente sobre as persoas máis vulnerábeis.

-Nos espazos de debate en contexto escolar e extraescolar fomentárase a libre intervención debidamente organizada e a escoita respectuosa.

-A liberdade de opinión será desenvolvida desde a tolerancia a respecto de ideoloxías, linguas, orixes, identidade sexual e afectiva, e diversidades artísticas.

-Os comentarios e críticas sobre exercicios artísticos faranse desde unha linguaxe respectuosa e desde a tolerancia e a empatía coas persoas que os realizan, aportando unha ollada construtiva.

-En caso de conflito, procurarase falar do ocorrido inmediatamente, aínda que pareza estraño facelo, na procura do apoderamento da persoa vulnerábel e o seu acompañamento desde a non indiferenza ante os problemas alleos.

#### **RESPECTO POLO COMPROMISO ARTÍSTICO E INTELLECTUAL INDIVIDUAL**

O compromiso individual que combina capacidade artística e intelectual, esforzo persoal e profesionalidade é un valor supremo do quefacer académico e artístico. As decisións que competen e involucran á comunidade escolar deben respectar este principio, moi particularmente nos procesos de avaliación e na selección de candidaturas para o acceso.

-Evitaranse os comentarios sexistas, denigrantes e vexatorios referidos a calquera cuestión física ou intelectual das persoas avaliadas ou candidatas ao acceso á ESAD de Galicia.

-Nos traballos en equipo, os valores artísticos e intelectuais primarán por riba de intereses individuais.

-O profesorado potenciará o compromiso artístico e intelectual do alumnado desde a conciencia do seu rol estritamente docente.

### **RIGOROSIDADE ARTÍSTICA E INTELECTUAL E TRANSPARENCIA**

A actividade académica –docencia, investigación, mostras, avaliacións, elaboración de informes, procesos de creación, así como calquera outra– fundamentarase, necesariamente, en feitos e xuízos veraces e rigorosos, en cuxa formulación debe preservarse, no seu caso, a confidencialidade e a discreción. Por iso será moralmente reprobábel todo aquilo que, como os prexuízos persoais, os criterios arbitrarios de valoración ou a imposición de intereses institucionais, académicos, familiares, económicos e persoais, impida que as decisións sexan tomadas de forma neutral, rigorosa e transparente.

-Os intereses pedagóxicos estarán sempre por riba dos intereses particulares das persoas integrantes da comunidade.

-O profesorado evitará o aproveitamento do traballo do alumnado para os seus propios fins artísticos extraacadémicos.

-A dirección do centro estará facultada para tomar as medidas necesarias para afastar familiares e amigos de docentes na avaliación.

-Evitaranse as relacións sentimentais entre profesorado e alumnado. No caso de, aínda así, producírense, o profesorado, como entidade de autoridade no ámbito educativo, garantirá que estas relacións sexan sas e consentidas, sen aproveitamento da xerarquía de aula nin implicación do traballo artístico realizado no contexto académico.

-A dirección poderá solicitar ás persoas implicadas nunha relación sentimental a sinatura dun documento informativo co fin de garantir os dereitos de avaliación xusta e imparcial do alumnado implicado.

-Os obxectivos do traballo académico estarán sempre en relación coa correspondente existencia didáctica e o nivel de madurez do alumnado.

-Na medida do posíbel, a planificación de traballos e exercicios practificará a anticipación e a posibilidade de escoita discreta das sensibilidades e situacións específicas de alumnado vulnerábel, co fin de garantir o correcto desenvolvemento da aprendizaxe e co fin de crear ambientes sans e creativos na aula.

-Garantírase que os procesos de creación e de ensinanza-aprendizaxe, tanto dentro como fóra das aulas, se vinculen cos obxectivos pedagóxicos, garantindo a transparencia e acordando co alumnado pautas concretas de comportamento cando a situación poida resultar incómoda.

- Na medida do posíbel realizaranse as actividades en que haxa relación un-un a porta aberta.
- Nas actividades con contido físico, explicitarase o consentimento de contacto.
- Extremarase o coidado en situacións e procesos creativos cuxa temática ou ton poida ferir a sensibilidade das persoas.

## **RELACIÓNS SOLIDARIAS**

A ESAD de Galicia aspira a lograr que as relacións persoais, académicas e laborais que se establezan entre os seus membros respondan a actitudes comprensivas e respectuosas, a fin de promover un ambiente de traballo axeitado e de proxectar unha imaxe valiosa da Escola.

-A linguaxe empregada nas relacións académicas entre toda a comunidade e, en especial cando se dan relacións desiguais, será correcta e respectuosa evitando o uso dunha linguaxe agresiva ou vexatoria e poñendo en valor o traballo de cadaquén e a súa achega á comunidade escolar.

-Cada membro da comunidade manterá unha actitude responsábel co obxectivo de reforzar a boa imaxe da escola na sociedade, especialmente ante medios de comunicación e redes sociais.

-Respectarase sempre a diversidade identitaria, sexual e afectiva de todas as persoas integrantes da comunidade educativa, implementando unha actitude e linguaxe integradoras que garanta que as diferentes sensibilidades poidan sentirse cómodas como parte esencial que son da comunidade.

-Asumirase que non é apropiada a obxectualización sexista dos corpos, sexa a través da linguaxe, sexa a través das prácticas xestuais ou da nudez innecesaria.

-En toda a documentación escolar e nas interaccións orais no seo da ESAD empregarase a linguaxe inclusiva.

-En virtude da responsabilidade ética e social de todo centro educativo, a Esad de Galicia comprométese a eliminar calquera tipo de acoso.

-O profesorado da ESAD comprometerase a xerar no alumnado unha conciencia arredor das situacións de acoso que lle permita estar en estado de alerta ante calquera situación problemática.

-As persoas integrantes da ESAD de Galicia, comprométese a eliminar calquera actitude activa e pasiva que prime situacións de violencia de xénero e/ou acoso sexual, fomentando a denuncia e habilitando canles para facilitala sen comprometer o anonimato das vítimas. Para isto a dirección proporcionará un sistema de denuncia claro e sinxelo.

-Cando os acosos ou agresións están probados non se ocultarán nin os feitos nin as persoas incriminadas, pero manterase a confidencialidade sobre as vítimas.

-A comunidade académica comprométese a denunciar as accións anteriormente expostas.

## **COMPROMISO DE COLABORACIÓN COA INSTITUCIÓN**

A ESAD de Galicia entende que o compromiso coa sociedade, o traballo en equipo, a harmonía laboral e o respecto mutuo favorecen o cumprimento das misións que lle corresponden: creación artística, difusión e transferencia do coñecemento, capacitación profesional e desenvolvemento cultural.

-A ESAD de Galicia reclama respecto e lealdade para a súa directiva e órganos colexiados -que, pola súa banda, corresponderán de igual forma-, e unha actitude transparente, colaborativa, e democrática, fomentando a crítica construtiva e traballando polo ben da institución.

-É misión de toda a comunidade traballar en conxunto para o fortalecemento das artes escénicas galegas.

-Desde a ESAD manteranse intercambios e conversacións rigorosas coas industrias e empresas culturais de Galicia co obxecto de compartir ferramentas que permitan asumir o traballo creativo como espazo seguro para a convivencia social, artística e persoal.

-A comunidade educativa dará prioridade ao uso normalizador da lingua galega, procurando ademais sensibilizar sobre a importancia do galego como patrimonio cultural propio, valioso e beneficioso para os intereses comúns.

-Farase valer e respectar os protocolos existentes e as normas de actuación como xeito de comunicación para un óptimo e xusto funcionamento da institución académica.

## **DEFENSA E COIDADADO DOS RECURSOS E DO MATERIAL ARTISTICO DA ESCOLA**

A ESAD de Galicia é herdeira dunha importante tradición literaria, escénica e oral, que nos primeiros anos do século pasado tivo un claro punto de inflexión nas Irmandades da Fala, as cales constitúen un referente na construción da nosa identidade teatral e escénica por medio da lingua galega; un inmenso patrimonio cultural, resultado e expresión da nosa Historia. Este é un legado que a toda a comunidade educativa corresponde promover, defender e continuar.

-A comunidade educativa está comprometida a defender e conservar o patrimonio artístico material e inmaterial, co seu óptimo coñecemento e bo emprego nas aulas e nos espazos comúns.

-Potenciarase a presenza de referentes femininos e tratarase de aplicar a perspectiva de xénero sempre que sexa posíbel.

-Entenderase a educación artística como comprensión crítica da cultura, reflexionando sobre a distinción entre obra e artista como práctica honesta, crítica e pedagóxica.

-Será prioridade para todas as persoas integrantes da comunidade educativa aplicar unha consciencia ecolóxica dos recursos da escola para unha mellor sustentabilidade.

-As persoas integrantes da comunidade comprométese a coidar e preservar os seus recursos, facendo un uso racional dos seus medios e evitando a súa utilización para o lucro particular.

-Procurarase respectar os protocolos existentes á hora de acceder e usufructuar os bens e materiais comúns.

## **CONVIVENCIA CÍVICA E RESPONSABILIDADE SOCIAL**

O desenvolvemento ético das relacións interpersoais constitúe a aspiración esencial da comunidade educativa. Todas as relacións que favorecen condutas negativas e antisociais - como as manifestacións de violencia, intolerancia e abuso, acoso e menosprezo persoal ou sexual, as actitudes e as linguaxes vexatorias e agresivas, ou os usos improcedentes dos espazos e instalacións da Escola- son inaceptábeis e, en moitas ocasións, constitutivas de falta ou delito, tal e como recolle a lexislación española e autonómica.

-Será traballo de todas e todos o mantemento das instalacións como lugares salubres e ordenados.

-A ESAD, tendo en conta a singularidade territorial na que se insire, asume o compromiso de integrar e facer accesíbel a súa actividade á cidadanía dos diferentes territorios e ámbitos sociais.

-De acordo coa súa responsabilidade social, a ESAD de Galicia favorecerá valores e principios da cultura e da lingua galega, así como económicos, sociais, culturais e ambientais acordes cun desenvolvemento xusto e sostíbel.

-A ESAD comprométese na loita contra o cambio climático, a protección do medioambiente e o desenvolvemento sostíbel da nosa institución.

-A comunidade académica garantirá a confidencialidade dentro do exercicio da actividade profesional.

-A dirección da ESAD comprometerase a trasladar os contidos deste Código de Boas Prácticas desde o primeiro día de traballo en común e ofrecerá a formación necesaria para o seu cumprimento ás persoas integrantes da comunidade educativa.

## ANEXO III

### DIVERSIDADE, IGUALDADE E INCLUSIÓN

A ESAD de Galicia está comprometida a promover respectar os dereitos humanos en todos os niveis da institución. Queremos crear un entorno seguro e libre de discriminación fomentando un sistema educativo inclusivo baseado no respecto cara a diversidade de calquera persoa. Para fomentar na nosa comunidade educativa os valores, as actitudes e as prácticas que permitan avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre as persoas, pretendemos acadar os seguintes obxectivos:

#### 1. Integrar e normalizar o uso do pronome

Os pronomes persoais son palabras que se empregan para referirse ás persoas sen usar o seu nome e, coma tales, expresan unha parte importante da nosa identidade. Como as persoas non sempre utilizan o pronome que esperamos segundo o seu nome ou aparencia, na ESAD de Galicia propoñemos a integración e a normalización do uso do pronome nas presentacións de calquera persoa da comunidade educativa.

Cando se fai referencia a alguén co pronome incorrecto, pode facer que esa persoa se sinta incómoda, invalidada ou alienada. Pola contra, usar os pronomes axeitados para cada persoa valida a súa identidade e sinala o teu apoio e respecto.

Xeneralizar o uso correcto dos pronomes na ESAD de Galicia, ademais de axudar a crear un entorno inclusivo, tamén está creando unha oportunidade de aprendizaxe para aquelas persoas que non están familiarizadas con esta práctica.

##### 1.1. Como preguntar a alguén que pronome usa

Aínda que poida parecer que a mellor opción para saber que pronome usa cada persoa é a pregunta directa sobre o seu pronome, ás veces unha persoa pode sentirse exposta, polo que recomendamos integrar os pronomes de xeito indirecto:

☺ Que pronomes usas?

☺☺ Chámome Alex e o meu pronome é ela. E ti?

Compartir o teu propio nome e pronomes indica á outra persoa o teu interese nesa información e pode animala a compartir o seu pronome.

##### 1.2. Como preguntar o pronome en grupos

Nunha rolda de presentacións podes compartir o teu propio nome e pronomes e invitar ao resto de participantes a facer o mesmo. Os docentes tamén poden pedirllas aos estudantes que lle envíen esa información nun correo electrónico ou recoller esa información nunha folla de papel.

## **2. Facilitar a identidade de xénero**

Cando unha persoa pertencente á comunidade educativa manifeste mediante comunicación escrita ao centro unha identidade de xénero diferente daquela que lle foi asignada no nacemento ou da que figura na súa documentación civil, a dirección da ESAD de Galicia tomará as medidas necesarias para garantirlle o seu benestar no ámbito educativo do seguinte xeito:

- Facilitar a identidade de xénero da persoa a nivel interno. Deste xeito, en todos os documentos non oficiais farase constar o nome que se corresponde coa identidade de xénero da persoa.
- No caso de ser necesario, informar ao claustro ou ao equipo docente sobre a situación da persoa para evitar que se diga o antigo nome desta.

## **3. Respetar sen estereotipos as diferentes identidades**

As persoas LGBTIQ+ non teñen por que estar a reafirmar a súa identidade en todo momento, polo que non todas as súas interaccións nin todas as súas actuacións teñen que reflectir a súa realidade.

## **4. Empregar unha linguaxe inclusiva non binaria**

A ESAD de Galicia quere promover un uso da linguaxe inclusiva non binaria, polo que recomendamos:

- ☺ Empregar o uso de pronomes indefinidos, tanto na comunicación escrita como na oral: "Coido que alguén deixou a carpeta na aula".
- ☺ Empregar o x como desinencia de xénero na comunicación escrita: "Boas tardes a todxs".
- ☺☺ Empregar como morfema de xénero -e, ampliando ou substituíndo os morfemas -a e -o.

## **5. Informar e asesorar**

Dende o curso 2021/2022 a ESAD de Galicia conta co Colectivo Cuír, unha asociación de estudantes LGBTIQ+ creada para que a nosa comunidade educativa sexa un espazo seguro e inclusivo. Para calquera dúbida ou consulta, podes dirixirte a [cuircolectivo@gmail.com](mailto:cuircolectivo@gmail.com).



## ANEXO IV

### PROTOCOLO PARA O TRATAMENTO DO ACOSO SEXUAL E A VIOLENCIA DE XÉNERO NA ESAD DE GALICIA

As actuacións contra o acoso e a violencia de xénero na ESAD de Galicia serán canalizadas en primeira instancia e con carácter xeral a través da COMISIÓN DE CONVIVENCIA e posteriormente e con carácter puntual a través da Grupo de Apoio á Convivencia, GAC e formado por unha integrante da Comisión de Convivencia do Consello Escolar, unha profesora do Claustro, unha alumna e unha integrante do persoal de Administración e Servizos. O GAC non só recibe denuncias e sospeitas de violencia de xénero, senón que tamén elabora as accións precisas para asesorar e acompañar a posíbeis vítimas, así como para proporcionar información que poida contribuír a que os presuntos agresores tomen conciencia do problema.

Este protocolo de actuación deberá ser desenvolvido conforme o prazo legal de TRES DÍAS contemplado no Plan de actuacións para a igualdade nos Centros educativos de Galicia 2016-2020-2025, que se inician no momento en que o GAC ten constancia do caso.

Os criterios que basean o desenvolvemento do trámite son a confidencialidade, o respecto pola dignidade da vítima, e a súa protección e acompañamento, así como o non axuizamento do presunto agresor, cuxo seguimento se realiza con intención informativa, entendendo que as decisións sobre a posíbel apertura dun expediente sancionador, de darse o caso, son competencia da Dirección do centro e mais da Inspección Educativa.

Este protocolo contempla tres varios momentos: a comunicación da sospeita de acoso ou violencia de xénero ao GAC, a xestión da denuncia por parte do GAC para a súa comunicación á Dirección, e a xestión da denuncia por parte da Dirección. En cada caso, haberá diferentes actuacións a desenvolver.

Cómpre sinalar que se considera “sospeita” toda información sobre un posíbel caso de acoso ou violencia de xénero que é transmitida tanto a través da posíbel vítima como a través dunha persoa da súa confianza, ou mesmo de xeito anónimo, sempre e cando, neste último caso, se detallan os feitos acontecidos e os datos que permitan iniciar os trámites informativos sobre o presunto agresor. Manterase a confidencialidade das persoas informantes ata comprobar a veracidade dos feitos comunicados

#### I. COMUNICACIÓN DUNHA SOSPEITA DE ACOSO NA ESAD DE GALICIA

##### Primeira acción: Quen comunica a sospeita ao GAC

Posibilidade 1: A vítima comunica os feitos. Unha persoa que sufriu algunha situación de violencia de xénero ou acoso sexual tanto dentro das instalacións da ESAD de Galicia por parte dalgunha persoa integrante da comunidade educativa, poderá comunicar os feitos á Comisión de Convivencia directamente ou a través dunha persoa da súa confianza que o comunicará ao GAC.

Enténdese que é “persoa de confianza” calquera persoa, sexa ou non integrante da comunidade educativa da ESAD, que conte coa proximidade suficiente á vítima como para poder transmitir de xeito responsábel e veraz os feitos acontecidos.

Posibilidade 2: Alguén que sospeita comunica os feitos. Unha persoa integrante da comunidade educativa da ESAD detecta en calquera outro integrante da mesma (sexa profesor, alumno ou PAS) comportamentos inapropiados que poden ser considerados como actos de acoso e/ou violencia de xénero cara a unha alumna, un grupo de estudantes, unha profesora, ou unha integrante do persoal de Administración e Servizos, e comunícao ao GAC.

Posibilidade 3: Unha persoa comunica os feitos. A vítima ou unha testemuña pon en coñecemento da Comisión de convivencia os feitos mediante o uso dunha caixa de correo habilitada a tal efecto. Enténdese por “caixa de correo”, un obxecto físico, colocado nun lugar seguro do centro onde introducir as queixas por escrito, así como calquera comunicación que chegue ao correo electrónico da Directiva.

### **Segunda acción: Como se comunica a sospeita**

A comunicación debe realizarse coa maior brevidade posíbel, dos seguintes xeitos:

Posibilidade 1: A vítima, a persoa de confianza ou a persoa que sospeita dunha conduta inapropiada deberá concertar unha cita coa Comisión de Convivencia GAC por medio de:

- a) Unha conversa con algunha persoa da Comisión de Convivencia
- b) Unha mensaxe á conta de correo electrónico de que dispón a Directiva
- c) A través de comunicación escrita en papel con ou sen rexistro de saída na Secretaría do centro.

Posibilidade 2: As comunicacións realizadas a través da caixa de correo activarán en si mesmas as medidas específicas destinadas ao rexistro e/ou investigación do caso.

## **II. XESTION DUNHA SOSPEITA DE ACOSO NA ESAD DE GALICIA**

**Terceira acción:** A Comisión de convivencia nomea as persoa integrantes do GAC que xestionarán a denuncia.

1. O GAC deberá escoitar á persoa denunciante que relata os feitos, para que queden debidamente rexistrados na correspondente ficha. Sempre será unha persoa do GAC quen desenvolva o rexistro escrito dos datos necesarios para xerar a información precisa sobre o caso e non demandará da persoa denunciante nin elaboración escrita da súa declaración nin

sinatura de calquera outra documentación. Para isto deberán realizar, no menor tempo posíbel, que en ningún caso debería exceder dous días:

2. Entrevista á vítima ou, sempre que non sexa a denunciante.
3. Persoas de confianza, no caso de que a vítima compareza.

(Nestas entrevistas recolleranse os datos necesarios sobre os feitos constitutivos da denuncia. A entrevista deberá ser feita con respecto, rigor e sensibilidade, garantindo sempre que o coñecemento dos feitos relatados só será manexado, no seu momento, polas persoas que teñan capacidade para actuar sobre eles.)

4. De ser posíbel, orientación á vítima, indicándoselle medidas de protección e seguimento, sexa directamente, sexa a través da persoa de confianza ou da persoa que expón a sospeita. Esas medidas serán as seguintes:

- a) Detección do entorno seguro da vítima e fortalecemento do mesmo.
- b) Recomendación de contacto directo e persoal co CIM para proporcionarlle axuda psicolóxica e/ou xurídica.
- c) Indicacións sobre teléfonos de contacto con persoas de apoio na propia ESAD.
- d) Posibilidade de acompañamento no caso de desexar realizar unha denuncia ante as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.
- e) Información sobre as medidas cautelares que a ESAD pode tomar para axudala.

5. Convocatoria da persoa denunciada por conduta inapropiada para realizar unha entrevista con ela. 2. Na entrevista informarase a persoa denunciada sobre a queixa e solicitaráselle unha explicación dos feitos. O GAC levantará acta desta declaración.

6. O GAC proporcionará á persoa denunciada información arredor do acoso sexual e a violencia de xénero, así como fórmulas de axuda psicolóxica para traballar na resolución do problema. (se a persoa presuntamente agresora reconece os feitos comunicados)

7. Preparación do informe necesario para a súa remisión á Dirección do centro onde se recollerá non só a ficha protocolaria, senón tamén todos aqueles documentos que o GAC considere necesarios para a mellor xestión do caso.

### **III. A DIRECCIÓN XESTIONA UN INFORME SOBRE SOSPEITA DE ACOSO NA ESAD DE GALICIA**

#### **Quinta acción: O GAC acompaña a vítima e informa a Dirección**

Antes de que se cumpran tres días desde a data de sinatura da ficha informativa, O GAC deberá remitir á Dirección da ESAD toda a documentación xerada a partir dunha sospeita, con

indicación expresa da recomendación ou non recomendación de apertura de expediente informativo.

A partir dese momento, realizará os labores necesarios de seguimento, información e acompañamento da vítima.

Se a vítima así o desexa, o GAC xerará espazos seguros de convivencia coa vítima e establecerá as canles necesarias para o seu acceso á información e a protección da súa integridade e dignidade persoal.

En casos de extrema gravidade, o GAC porá en coñecemento das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e/ou das autoridades pertinentes os feitos dos que tivo coñecemento.

#### **Sexta acción: A Dirección tramita o expediente informativo**

A dirección abrirá expediente informativo arredor da denuncia.

1. Elaboración do informe correspondente, achegando, ademais dos datos proporcionados, a documentación preparada polo GAC e que xa obra en poder da Dirección.
2. Posta en marcha de medidas cautelares, se a Dirección así o considera.
3. Remisión do informe á Inspección Educativa, que determinará se é preciso ou non iniciar expediente sancionador e, no seu caso, a toma doutro tipo de medidas tanto de protección da vítima coma de sanción ao agresor

## ANEXO V

### PROTOCOLO DE ENTREVISTA SEGUNDO O ESQUEMA DE PRÁCTICAS RESTAURATIVAS NOS PROCESOS

Dúas categorías de preguntas, as que se fan a quen causou o dano (con ou sen intención) e as que facemos a quen se sentiu danado.

- As preguntas axudan a asumir responsabilidade e a conectarse cos sentimentos.
- **Nunca** preguntamos “**por que**” para non disparar mecanismos defensivos.

**Para incidentes onde temos claramente identificadas vítima/s e agresor/es:**

Preguntas Restaurativas:

VÍTIMA:

1. Que foi o que pensaches cando te deches conta do sucedido?
2. Que impacto tivo este incidente en ti, como che afectou?
3. E nos demais?
4. Que foi o máis difícil para ti?
5. Que cres que debería suceder ou que necesitas a partir de agora?

AGRESOR

1. Que pasou?
2. Que pensabas nese momento?
3. Quen foi afectado polo que fixeches? ¿Como foron afectados?
4. Que pensas agora?
5. Que pensas que debe pasar o que podes facer para mellorar as cousas?

**Para incidentes onde non hai identificada vítima e agresor (todas as persoas séntense danadas):**

Preguntas Restaurativas:

1. Que pasou e como te sentiches?
2. De que xeito contribuíches no que pasou?
3. Quen foi danado e como?
4. Que pensas agora sobre o que fixeches?
5. Que necesitas que ocorra para que se arranxen as cousas?
6. Que podes facer ti para mellorar as cousas?

## GUIÓN FACILITADOR DUNHA REUNIÓN RESTAURATIVA

### 1. PREÁMBULO

“Benvidos. Como saben, o meu nome é (*o seu nome*) e estarei a facilitar esta reunión restaurativa”.

*Agora presente a cada participante da reunión restaurativa e indique cal é a súa relación co ofensor/é ou vítima/s.*

“Grazas pola súa asistencia. Sei que isto é difícil para todos vostedes, pero a súa presenza axudaranos a manexar o caso polo cal estamos aquí reunidos. Esta é unha oportunidade para que todos vostedes involúcrense na reparación do dano que se fixo”.

“Esta reunión restaurativa centrarase nun incidente que ocorreu (*sinale a data, lugar e natureza da ofensa sen dar detalles*). É importante entender que nos centraremos no que (*nome do ofensor/es*) fixo e como ese comportamento inaceptable ha afectado a outros. Non estamos aquí para decidir se (*nome do ofensor/es*) é/son bo ou malo. Desexamos explorar de que maneira as persoas foron afectadas e confiamos en que poderemos traballar para reparar o dano que se produciu. Todos comprenden isto?”

“(*Nome do ofensor/es*) ha/han admitido a súa participación no incidente”.

*Dígalle ao ofensor/es: “Debo dicirte que non tes a obrigaón de participar nesta reunión restaurativa e que es libre de retirarche en calquera momento, do mesmo xeito que calquera dos que están aquí presentes. Se decides irche, o asunto será referido á inspección/ manexado pola persoa encargada da disciplina na escola/manexado doutra forma”.*

“Este asunto, con todo, podería finalizar se participas de maneira positiva e cumpras co acordo da reunión restaurativa”.

*Dígalle ao ofensor/es: “Comprendes?”*

### 2. OFENSOR/ES

“Comezaremos con (*nome do ofensor*)”.

*Se hai máis dun ofensor, cada un deles debe responder todas as seguintes preguntas.*

- › “Que sucedeu?”
- › “Que estabas a pensar nese momento?”
- › “Que pensaches desde que ocorreu o incidente?”

› “A quen crees que afectaron as túas accións?”

› “Como foron afectados?”

### 3. VÍTIMA/S

*Se hai máis dunha vítima, faga que cada unha delas responda todas as seguintes preguntas.*

› “Cal foi a súa reacción no momento do incidente?”

› “Como sente polo sucedido?”

› “Que foi o máis difícil para vostede?”

› “Como reaccionaron os seus familiares e amigos cando

### 4. PERSOAS DE APOIO DA VÍTIMA

*Faga que cada unha deles responda todas as seguintes preguntas.*

› “Que pensou cando se decatou do incidente?”

› “Como sente polo sucedido?”

› “Que foi o máis difícil para vostede?”

› “Cal cre vostede que son os principais temas?”

### 5. PERSOAS DE APOIO DO OFENSOR

*Pregunte ao pai/titor: “Isto foi difícil para vostede, non é verdade? Quere contarnos sobre o sucedido?”*

*Faga que cada unha deles responda todas as seguintes preguntas.*

› “Que pensou cando se decatou do incidente?”

› “Como sente polo sucedido?”

› “Que foi o máis difícil para vostede?”

› “Cales cre que foron os principais temas?”

### 6. OFENSOR/ES

*Pregunte ao ofensor/es: “Hai algo que desexas dicir neste momento?”.*

### 7. COMO CHEGAR A UN ACORDO

*Pregunte á vítima/s: “Que lle gustaría que resulte desta reunión restaurativa?”*

*Pida ao ofensor/é que responda:*

*Neste momento, os participantes discuten cal sería o acordo final. Pida comentarios dos participantes.*

*É importante que pida ao ofensor/é que responda a cada suxerencia antes de que o grupo pase á seguinte suxerencia; preguntelle: “Que pensas sobre iso?”. Logo asegúrese de que o ofensor/é estea de acordo antes de proseguir. Dea cabida á negociación.*

*A medida que se desenvolva o acordo, esclareza cada punto e redacte o documento tan especificamente como sexa posible, inclúa detalles, prazos e disposicións para facer o seguimento.*

*Cando senta que a discusión do acordo está a chegar ao seu fin, dígalle aos participantes: “Antes de redactar o acordo, gustaríame asegurarme de que rexistrei con precisión o que se decidiu”.*

*Lea os puntos do acordo en voz alta e mire aos participantes para ver a súa aprobación. Faga calquera corrección necesaria.*

#### 8. PECHE DA REUNIÓN RESTAURATIVA

*“Antes de concluír formalmente esta reunión restaurativa, gustaríame darlle a cada un de vostedes unha última oportunidade para falar. Hai algo que alguén queira dicir?”*

*Permita que os participantes respondan, e cando finalizen, diga: “Grazas polas súas contribucións no manexo deste asunto tan difícil. Felicitoos pola maneira como abordaron os diferentes temas.*



**ANEXO VI.**

**BUENAS PRÁCTICAS NAS AULAS: PROTOCOLOS DE INTIMIDADE**

(Pendente para o curso 2023/24)